UGT GALICIA LABORAL
Diario dixital da UGT de Galicia



ISSN 1989-3299 Nº 1.117 Semana do 2 ao 8 de novembro de 2026

Os actos de cara ao 11N sucédense en Galicia

Asembleas de delegados e delegadas, reunións coas formacións políticas e adhesións de empresas á folga do 11N



Redacción.- Os actos previos á folga xeral do 11N xa botaron a andar en Galicia cunha asemblea de delegados e delegadas en Vigo, a que se está a desenvolver hoxe na Coruña e diversas reunións do secretario xeral de UGT-Galicia, Cristóbal Medeiros, coas formacións políticas, ademais do traballo previo que se está a desenvolver nos centros de traballo.

Lembrar que na asemblea de Vigo interviñeron o secretario xeral de UGT, Pepe Álvarez; así como os secretarios xerais de UGT-Galicia e UGT-Vigo, Cristóbal Medeiros e Ernesto Fontanes, respectivamente. E na de hoxe na Coruña está previsto que tomen a palabra Cristina Estévez, da CEC; Medeiros; e o secretario xeral de UGT-Coruña-Cee, Ángel Iglesias.

Nas súas intervencións recalcaron que coa folga do 11N preténdese un paro na produción que sirva para reclamar solucións urxentes á crise de vivenda, melloras salariais e avances nos dereitos laborais e sociais.

A convocatoria responde á necesidade de situar a vivenda no centro do debate público e de esixir ás administracións medidas concretas para garantir que as persoas traballadoras poidan acceder a unha vivenda digna.

Existe unha necesidade de actuar de xeito inmediato mediante o control dos prezos do alugueiro, a protección das persoas afectadas polos desafiuzamentos e medidas para frear a concentración de vivendas en mans de fondos de investimento. A medio e longo prazo, reclámanse políticas estruturais que impulsen a construción de vivenda protexida de forma permanente, especialmente, destinada ao alugueiro alcanzable.

A folga ten tamén unha dimensión laboral e salarial. Neste sentido, denunciaron que a negociación coa patronal para alcanzar un acordo xeral que sirva de referencia aos convenios colectivos leva máis dun ano pendente. A falta de avances está a dificultar as negociacións en distintos sectores e pode dar lugar a un aumento das mobilizacións.

Tamén en materia salarial, reclamaron unha subida do Salario Mínimo Interprofesional para 2027, co obxectivo de recuperar poder adquisitivo e responder á evolución dos prezos. Tamén apuntaron á redución do tempo de traballo e a mellora da seguridade e a saúde laboral como outra prioridades sindicais.

Desde UGT reclámase tamén que avance a reforma da normativa de prevención de riscos laborais, cuxo proxecto aínda non chegou ao Congreso dos Deputados.

A folga xeral pretende incorporar ao debate público outras cuestións fundamentais para as persoas traballadoras, como a defensa do sistema público de pensións e as garantías na xestión das baixas laborais.

A mobilización se viña preparando antes da convocatoria de eleccións xerais, apuntaron, e defenderon o seu carácter laboral e social. O obxectivo é que as reivindicacións sobre vivenda, salarios, negociación colectiva e dereitos sociais teñan unha resposta efectiva por parte das administracións públicas e os axentes sociais. Coa convocatoria do 11 de novembro, UGT busca reforzar a mobilización social para reclamar cambios que permitan mellorar as condicións de vida das persoas traballadoras e garantir o acceso a dereitos esenciais como a vivenda, o emprego digno e a protección social.



A CORUÑA	**Manifestación conxunta UGT e CCOO** Saída Praza de A Palloza	**12:00h**
	Manifestación Unitaria de Sindicatos e Colectivos Sociais Saída cruce Ronda de Outeiro con Avda. Fisterra	**18:00h**
FERROL	**Manifestación conxunta UGT e CCOO** Saída Praza de España	**11:30h**
SANTIAGO	**Manifestación conxunta UGT e CCOO** Saída da Alameda	**13:00h**
	Manifestación Unitaria de Sindicatos e Colectivos Sociais Saída Praza de 8 de Marzo	**18:00h**
LUGO	**Manifestación conxunta UGT e CCOO** Saída Edificio sindicatos	**11:30h**
VIVEIRO	**Manifestación conxunta UGT e CCOO** Saída García Doriga	**12:00H**
OURENSE	**Manifestación conxunta UGT e CCOO** Saída dende o Edificio Sindical	**10:00h**
	Manifestación Unitaria de Sindicatos e Colectivos Sociais Saída da Subdelegación do Goberno	**18:00h**
PONTEVEDRA	**Manifestación conxunta UGT e CCOO** Saída Praza da Peregrina	**11:00h**
	Manifestación Unitaria de Sindicatos e Colectivos Sociais Saída Praza da Ferrería	**20:00h**
AROUSA	**Manifestación conxunta UGT e CCOO** Saída e chegada á Praza Ravella	**12:30h**
VIGO	**Manifestación conxunta UGT e CCOO** Saída de Via Norte cruzamento coa Rúa Urzaiz	**11:30h**
	Manifestación Unitaria de Sindicatos e Colectivos Sociais Saída Praza de España	**18:00h**

O secretario xeral de UGT-Galicia reúnese coas formacións políticas para recabar o seu apoio á folga





Redacción.- Continuando cos actos preparatorios da folga, o secretario xeral de UGT-Galicia, Cristóbal Medeiros, estase a reunir con diversas formacións políticas para explicarlles o porqué da folga xeral do vindeiro día 11.

Entre outras formacións, este xoves reuniuse co PSdeG e con Sumar.

Neste contexto, a reunión co PSdeG tivo lugar no Parlamento galego e alí, á entrada do edificio público, Medeiros foi obrigado a entregarlle aos servizos de seguridade a documentación que levaba consigo para trasladarlla ao secretario xeral do PSdeG. Esta "perigosa" información eran unhas octavillas nas que se explicaban os motivos da folga.

UGT-Galicia cualifica como pouco democráticas este tipo de actitudes e rexeita o clima de crispación e polarización que se está a impoñer neste país que leva a requisar a documentación que un secretario xeral dun sindicato pretende trasladar a un grupo parlamentario para o desenvolvemento dunha xuntanza.

Respecto á liberdade de expresión

Isto obriga a engadir unha reivindicación máis a este 11N, respecto para a liberdade de expresión.Un dereito básico que xa considerábamos consolidado pero que á vista dos feitos está a ser cuestionado en determinadas esferas de poder.

Máis de 3.600 adhesións á folga xeral de comités de empresa, xuntas de persoal e seccións sindicais de UGT e CCOO

O sindicato destaca o crecente apoio á convocatoria de paro laboral de 24 horas do próximo 11 de novembro, que conta coa representación de importantes empresas de todos os sectores, así como de organizacións sociais e sindicais

Redacción.- A convocatoria de folga xeral do próximo 11 de novembro reuniu máis de 3.600 adhesións de comités de empresa, xuntas de persoal e seccións sindicais de UGT e CCOO. Este apoio segue crecendo e conta con representación de empresas como Seat, Airbus, Levi Strauss, Iberia, Zara, Glovo, DomusVi ou Securitas Seguridade España, así como de representantes de universidades e centros educativos, hospitais e residencias. Ademais, sumáronse sindicatos de todo o mundo e asociacións e organizacións sociais de todo o territorio.



As adhesións ao completo pódense consultar na páxina web ***https://huelgageneral11n.com/.***

Este apoio masivo á convocatoria de paro laboral de 24 horas apunta a unha participación multitudinaria nunha folga que se celebra baixo o lema «Salarios. Vivenda. Prezos» e que supoñerá a paralización de miles de centros de traballo en todo o territorio.

A folga xeral convocouse para esixir que se garanta o dereito a unha vivenda digna, uns salarios que permitan facer fronte ao incremento cada vez maior dos prezos e a defensa dos servizos públicos. O reforzo do sistema público é cada vez máis importante: necesítase máis sanidade, máis educación e mellores servizos de dependencia.

As adhesións á folga son tamén un chamamento ás empresas que non deixan de incrementar os prezos, mentres os beneficios e as marxes empresariais non paran de crecer. Por todos estes motivos, UGT e CCOO chaman a toda a clase traballadora a seguir sumándose á convocatoria a través da páxina web ***https://huelgageneral11n.com/***.

O SINDICATO CHAMA A SECUNDAR A FOLGA XERAL DO 11 DE NOVEMBRO PARA ESIXIR QUE A RIQUEZA XERADA POLAS PERSOAS TRABALLADORAS TRADÚZASE EN SALARIOS DIGNOS E VIVENDA ALCANZABLE

OS DATOS DE DESEMPREGO, CON BOAS CIFRAS DE CONTRATACIÓN INDEFINIDA E AFILIACIÓN, VENSE EMBAZADOS COA PERDA DE PODER ADQUISITIVO E A DIFICULTADE DE ACCEDER Á VIVENDA

UGT-Galicia alerta da brecha por razón de xénero e entre os máis mozos e dos peores datos de emprego de Galicia



Redacción.- As afiliacións á Seguridade Social, a pesar de ter baixado en Galicia neste mes, rexistran a cuarta mellor cifra histórica. Pola súa banda, o paro rexistrado aumentou en 2.412 persoas, segundo os datos publicados polo Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións e polo Ministerio de Traballo e Economía Social. Estes datos explícase, como en anteriores ocasións, polo peche definitivo da tempada turística, o que contribúe a que unha parte de quen traballou na hostalería e o comercio durante o verán vexa agora finalizados os seus contratos.

Non obstante, UGT interpreta estas cifras como unha proba máis da fortaleza do emprego, cunha afiliación que supera xa o millón de persoas e alcanza o cuarto nivel máis alto da serie histórica, pero lembra que esa fortaleza non se traslada adecuadamente ao poder de compra de quen traballa.

Máis aló do efecto estacional, a tendencia de fondo é sólida: no último ano, o sistema gaña 24.286 afiliacións, o que sitúa o ritmo de creación de emprego no 2,2%, aínda que hai que salientar que en Galicia este é inferior ao do resto do Estado, onde é do 3,59%.

Adicionalmente ao xa sinalado, a regularización extraordinaria de situacións administrativas de persoas migrantes segue tendo un peso notable nos resultados deoutubro. Para UGT, cada unha desas altas é un traballo que logramos sacar da economía irregular e que, por tanto, pasa a cotizar, con dereitos laborais e protección social. Con todo, o ritmo de resolución das solicitudes segue sendo lento e esiximos reforzar os medios das oficinas de estranxeiría para que ningunha persoa quede atrapada na espera nin exposta a abusos mentres tanto.

En canto á contratación, o 30,84% dos contratos asinados en outubro son indefinidos e a temporalidade da afiliación sitúase no 14,39%, moi lonxe do 28,75% que se rexistraba en outubro de 2021, antes da reforma laboral.

Estas cifras confirman o acerto dunha reforma que UGT impulsou e acordou no marco do diálogo social e que cambiou de raíz a forma de contratar no noso país: hoxe o emprego estable é a norma e non a excepción, o que se traduce en máis seguridade e en mellores condicións para millóns de persoas traballadoras. O reto agora é consolidar ese avance e estendelo aos colectivos e sectores onde a temporalidade é maior, como ocorre entre las persoas mozas.

Pola súa banda, o paro rexistrado sobe en 2.412 persoas respecto a setembro (+2,15%) e sitúase en 114.849, o segundo menor rexistro para un mes de outubro da serie histórica. Boa parte do incremento explícase, de novo, pola inscrición como demandantes de persoas tras a regularización da súa situación administrativa, que acoden aos servizos públicos para buscar emprego ou mellorar o que teñen. Aínda así, detrás de cada cifra hai persoas que necesitan unha resposta: UGT insiste en dotar aos servizos públicos de emprego de máis persoal e máis orientadores, capaces de deseñar itinerarios personalizados para quen máis o necesitan.

O gran reto, con todo, está nos salarios. O IPC adiantado de outubro mantense no 4,9%, en máximos desde principios de 2023, mentres que as subidas pactadas nos convenios roldan o 3% (os convenios asinados en 2026 o 3,61%). Esa diferenza supón unha perda continuada de capacidade de compra para millóns de fogares, que resulta aínda máis dura para quen cobra o salario mínimo, revalorizado só un 3,1% este ano. Polo que urxe unha subida. Ao mesmo tempo, a CEOE debe levantar o bloqueo do VI AENC e aceptar subidas salariais que superen a inflación, acompañadas de cláusulas de revisión que protexan aos traballadores e traballadoras se os prezos seguen escalando.

En conclusión, os datos de outubro confirman que os indicadores de emprego seguen a ser bos e que a reforma laboral segue consolidando a estabilidade no emprego, pero ese crecemento non está a chegar como debería aos petos de quen o fai posible. E onde máis se nota é na vivenda: alugar ou comprar unha casa volveuse inalcanzable para moitas persoas, cuns prezos que se dispararon na última década moi por encima dos soldos e que se levan unha parte cada vez maior duns salarios que xa perden fronte á inflación. Por iso, é urxente frear e reducir o prezo da vivenda, acabar coa especulación e ampliar o parque público de vivenda. Salarios e vivenda son as dúas caras do mesmo problema, e é o que levou a UGT e CCOO, xunto con outras organizacións sindicais e sociais, a convocar unha folga xeral o vindeiro mércores 11 de novembro. A riqueza que xera a clase traballadora ten que volver ás súas mans, en forma de salarios dignos e dun fogar ao alcance de todas as persoas. O 11 de novembro, paramos.

Radiografía desemprego en Galicia

Concretando os datos que se fixeron públicos este mércores, en Galicia o desemprego subiu en 2.412 persoas con respecto ao mes anterior (2,15%) e no Estado esta cifra tamén subiu, pero menos, un 1,81%. Nesta Comunidade esta tendencia repítese en relación a hai un ano, o desemprego sube en 1.463 persoas, un 1,29%. Pola contra, no resto do Estado baixa un 0,86%. Así, o número total de

desempregados sitúase nesta Comunidade en 114.849 persoas, a segunda menor cifra do desemprego da serie histórica nun mes de outubro.

Por idades, entre os menores de 25 anos, o desemprego tamén medrou, nun 1,99% no mes e nun 13,20% no ano.

Por sexos, no mes o desemprego sube en ambos, un 2,45% entre os homes e no caso das mulleres nun 1,93%. No ano sube o desemprego entre os homes, nun 0,64%, e nun 1,75% nas mulleres. Dende UGT-Galicia alértase de que, en termos estruturais, as mulleres seguen a representar o 59,12% do total do desemprego en Galicia. O paro afecta a un total de 67.899 mulleres, fronte a 46.950 homes.

En canto aos sectores, o desemprego no mes sube en todos, salvo no colectivo de sen emprego anterior. Así, sube un 6,97% no primario; no 1,61% na industria; no 0,42% no sector da construción; o 2,52% no sector servizos; e baixa o 0,07% entre o colectivo de sen emprego anterior. No ano baixa en todos, excepto no grupo de sen emprego anterior. Así, diminúe un 1,16% no primario; o 1,35% na industria; o 5,34 na construción; o 0,40% nos servizos; e sube o 22,09% entre as persoas que non teñen un emprego anterior.

Territorialmente, o desemprego sube no mes en todas as provincias, nun 2,38% na Coruña, 0,90% en Lugo, 2,40% en Ourense e un 2,15% en Pontevedra. No ano subiu na Coruña nun 2,55%; o 4,38% en Lugo; o 1,43% en Ourense; e baixou o 0,86% en Pontevedra.

O dato de contratación indefinida segue a ser moi bo, do 30,84%, aínda que distante do 43,26% estatal. Realizáronse en outubro un total de 65.770 contratos en Galicia, un 14,51% menos que no mes anterior. Con respecto a hai un ano tamén diminuíu, nun 4,19%. No mes de outubro de 2021, a porcentaxe de contratación indefinida non superaba o 8,87%. É dicir, estase 21,97 puntos por enriba.

Por sectores, destacan as porcentaxes de contratación indefinida na construción, do 65,91%, e no sector primario, do 53,48%. Tamén foron elevadas, aínda que non tanto, nos servizos, do 29,78%, e na industria, do 22,62%.

A afiliación á Seguridade Social sitúase en 1.127.270 de media mensual, baixando o 0,06% no mes e aumentando un 2,20% no ano. Rexistrándose así máximos históricos de afiliación á Seguridade Social, a cuarta mellor cifra, tras xullo, agosto e setembro.

Por outra banda, a temporalidade da afiliación da Seguridade Social sitúase no 14,39% en Galicia, fronte ao dato estatal do 12,08%. En outubro de 2021 esta porcentaxe era do 28,75%, o que ratifica os bos resultados da reforma laboral.

Finalmente, a cobertura de protección por desemprego foi en Galicia no mes de setembro do 79,39%, con 39.879 prestacións contributivas; 30.101 subsidios; e 19 rendas activas de inserción. Tan só o 50% son prestacións contributivas, o que fai alertar das dificultades que poden ter moitos fogares para chegar a fin de mes pola baixa contía das prestacións non contributivas.

UGT esixe a Correos o persoal necesario para garantir os prazos e a calidade do proceso electoral



Redacción.- UGT Servizos Públicos Sector Postal reclamou por escrito á dirección de Correos que garanta a dotación necesaria de recursos materiais e humanos. Focalizando a atención prioritaria no persoal en repartición, clasificación e tratamento de envíos, así como na rede de oficinas durante todo o proceso electoral. O sindicato esixe que o compromiso de contratación recollido nas Instrucións sobre produtividade e remuneración dos traballos electorais tradúzase en reforzos reais, suficientes e dispoñibles cando as unidades os necesiten.

A responsabilidade de Correos no proceso electoral e a obrigación de cumprir os seus prazos requiren de planificación rigorosa e anticipada. Para UGT, a cobertura das necesidades de persoal debe ser unha prioridade efectiva da dirección, apoiada por decisións concretas e polos recursos orzamentarios e organizativos necesarios.

Así o defendeu o sindicato durante a negociación das Instrucións o pasado 26 de outubro cuxo apartado 5.c recolleu finalmente que: «Dotarase da contratación … que sexa necesaria para garantir os niveis axeitados de xestión, prazos e calidade».

Por outra banda, UGT non vai entrar nunha poxa de cifras de contratación entre sindicatos, UGT esixe que cada unidade dispoña do persoal necesario durante todo o proceso e por iso reclama:

Anticipar e cubrir as necesidades reais de cada unidade, tendo en conta o volume de traballo previsto, os fitos do calendario electoral, as ausencias e o persoal efectivamente dispoñible. Esta cobertura debe revisarse durante todo o proceso para corrixir de inmediato calquera insuficiencia.

Ofrecer contratos de duración suficiente, que resulten atractivos, favorezan a súa aceptación e acheguen estabilidade aos equipos. A fragmentación en contratos moi breves dificulta a cobertura e provoca rotación nun proceso que esixe continuidade e coñecemento dos procedementos.

Ofrecer a todo o persoal a tempo parcial a ampliación voluntaria da súa xornada, incorporando expresamente esta medida á planificación, xunto coas contratacións adicionais necesarias. A súa experiencia e coñecemento das unidades permiten reforzar o servizo de forma inmediata.

Garantir a formación e adaptación do persoal de nova incorporación, especialmente de quen accede a través do Portal de Emprego sen experiencia previa. A planificación debe contemplar o tempo de aprendizaxe e a dedicación do persoal que forma a estas persoas mentres atende o seu propio traballo.

Facilitar información aos sindicatos sobre a cobertura efectiva, as necesidades detectadas, as contratacións realizadas e as incidencias pendentes de resolver..O sindicato realizará un seguimento do cumprimento destas esixencias e espera de Correos unha resposta á altura da súa responsabilidade no proceso electoral.

Nova mobilización dos riders de Glovo en Vigo esta fin de semana por unhas condicións laborais e salariais dignas



Redacción.- Os riders de Glovo protagonizaron en Vigo de novo esta fin de semana dúas xornadas de paro e varias mobilizacións, o sábado e o domingo.

Lembrar que os riders de Glovo da provincia reclmana a aplicación do convenio provincial de transporte co fin de frear a deriva salarial e das condicións laborais que están a sufrir.

Os traballadores tamén denuncian a modificación unilateral por parte da empresa de quendas e das condicións de traballo sen seguir os cauces legais establecidos. Tamén acusaron á dirección dun réxime sancionador que usa como base sistemas automatizados.

A todo isto engádenselle erros frecuentes nos pagos das nóminas e atrasos no seu abono, ademais de falta de transparencia.

UGT Servizos Públicos rexeita a intervención de bombeiros e bombeiras en desafiuzamentos cando non exista unha emerxencia real

Redacción.- Desde o Sindicato Profesional de Bombeiros de UGT Servizos Públicos manifestamos a nosa oposición a que os Servizos de Prevención, Extinción de Incendios e Salvamento participen na execución de desafiuzamentos cando non exista unha emerxencia real que requira a súa intervención.

Bombeiros e bombeiras somos un servizo público de emerxencias. A nosa misión é protexer a vida e a integridade das persoas, os seus bens e o medio ambiente ante incendios, accidentes, rescates e outras situacións de risco.

A execución dun desafiuzamento non constitúe, por si soa, unha emerxencia que xustifique a mobilización dos servizos de bombeiros e bombeiras. A súa intervención debe responder a unha necesidade concreta de prevención de danos, protección ou salvamento, tecnicamente valorada e comprendida nas súas funcións, sen prexuízo dos deberes legais de colaboración coa Administración de Xustiza.

Esta posición non cuestiona o cumprimento das resolucións xudiciais nin os deberes legais de auxilio. Reclama que os requirimentos dirixidos ao servizo identifiquen a actuación solicitada e o seu fundamento, e que a colaboración se desenvolva respectando as competencias e funcións legalmente atribuídas aos servizos de bombeiros e bombeiras.

Reclamamos instrucións e protocolos que identifiquen, entre outros aspectos, a autoridade requirente, a tarefa solicitada, a valoración do risco, o fundamento funcional, a coordinación entre servizos e a constancia das incidencias. Estes protocolos deben proporcionar seguridade xurídica ao persoal, delimitar as actuacións exixibles e permitir comunicar e resolver as discrepancias competenciais polas canles legalmente establecidas.

A defensa das nosas funcións profesionais debe desenvolverse con respecto ao réxime de obediencia e á excepción prevista para as ordes manifestamente contrarias ao ordenamento xurídico.

Desde UGT Servizos Públicos pedimos ás administracións responsables dos servizos de bombeiros e bombeiras que establezan criterios claros para evitar a súa utilización en actuacións de desafiuzamento que non estean asociadas a unha emerxencia real. Reclamamos, así mesmo, que se respecte o carácter profesional do servizo e que non se lle encomenden tarefas alleas ás súas funcións.

Unha mirada humana e solidaria ante os desafiuzamentos

Esta posición exprésase tamén desde unha mirada humana e solidaria ante a preocupación social que xeran os desafiuzamentos e as situacións de vulnerabilidade que poden acompañalos.

Escoitar ese clamor social esixe empatía, responsabilidade e respostas públicas que poñan no centro a dignidade das persoas, a prevención de situacións de risco e a procura de alternativas habitacionais..

A crecente mobilización cidadá está a contribuír a impulsar cambios nas leis e na sociedade, e chegou tamén ao ámbito sindical, coa convocatoria dunha folga xeral para o próximo 11 de novembro.

Neste contexto, consideramos esencial que as administracións afronten o problema desde o diálogo e las políticas sociais, sen desvirtuar a misión dos servizos de emerxencias.

A protección das persoas vulnerables non pode quedar reducida a unha declaración de intencións. A xurisprudencia esixe unha ponderación específica das circunstancias das persoas afectadas (persoas maiores, menores, etc.) e, nas autorizacións de entrada para desaloxos administrativos, a comprobación de medidas concretas e suficientes para evitar o seu desamparo.

Reclamamos, por iso, unha intervención coordinada das administracións competentes e dos servizos sociais, orientada a minimizar os danos e proporcionar respostas efectivas á necesidade habitacional, sen trasladar esa responsabilidade aos servizos de emerxencias.

UGT SOLICITA O INICIO DO PROCEDEMENTO DE APLICACIÓN DE COEFICIENTES REDUTORES PARA A XUBILACIÓN ANTICIPADA DO PERSOAL DE «HANDLING» AEROPORTUARIO

Redacción.- O Sector Aéreo de FeSMC-UGT rexistrou, ante a Dirección Xeral de Ordenación da Seguridade Social, solicitude de inicio do procedemento para establecer coeficientes redutores para o anticipo da idade de xubilación do colectivo Axentes de Servizos Auxiliares no Sector de Handling, con base no estipulado no Real Decreto 402/2025, do 27 de maio.

Devandito colectivo, cuxa definición de funcións explicítase no artigo 18.3 do V Convenio Colectivo do Sector de Handling e noutros convenios de empresa do sector, sofre constantemente a exposición a condicións de penosidade, perigo, insalubridade e toxicidade, referenciando a correlación obxectiva destas condicións con elevados índices de morbilidade e sinistralidade.

Os axentes de Servizos Auxiliares acusan índices elevados de morbilidade, sufrindo, en moitas ocasións secuelas físicas musculoesqueléticas con lesións crónicas, que mostran un maior impacto cando se trata de persoas traballadoras de idade avanzada.

O Sector Aéreo de FeSMC-UGT xustifica, no escrito presentado, a relación directa de exposicións mantidas a factores de risco propios da actividade aeroportuaria, que consideran estruturais e cuxa eliminación resulta tecnicamente imposible por tratarse de riscos inherentes á actividade.

As condicións laborais propias do colectivo implican unha exposición a diversos factores de risco como manipulación de cargas continuadas, traballos á intemperie, turnicidade, exposición a axentes químicos, tóxicos e cancerígenos, axentes físicos e perigo, entre outros.

O traballo diario e a exposición repetida a estas condicións constitúen un risco directo para a saúde das persoas traballadoras, que ao ser acumulativo e progresivo, favorece a súa cronificación.

Ademais, a solicitude apóiase en datos estatísticos ofrecidos polo INSS, nos que se identifica a evolución crecente dos procesos de Incapacidade Temporal nas principais empresas do sector, e que se poden relacionar coa análise da conxuntura sectorial do mercado aéreo español, todo iso a efectos de contextualizar o incremento de actividade no ámbito aeroportuario.

Cabe lembrar que ASEATA foi invitada o pasado 3 de setembro a participar na preparación e presentación conxunta de iniciación do procedemento, pero lamentablemente non obtivemos resposta positiva. Entendemos, pola súa decisión, que non cren oportuno apoiar tal petición en favor dos traballadores e as traballadoras deste castigado sector.

É unha decisión incomprensible e que esperemos non inflúa na decisión final do expediente.

Debemos seguir avanzando neste proceso e debe favorecerse a xustificación que permita a xubilación anticipada do colectivo mediante a aplicación de coeficientes redutores.

O Sector Aéreo de FeSMC-UGT segue traballando na presentación dunha nova solicitude para os colectivos administrativo, coordinación e mantemento de aeronaves.

A FUNDACIÓN LUÍS TILVE FALA DO "TRÁNSITO Á DEMOCRACIA" NUN NOVO ACTO EN LUGO

Redacción.- A Fundación celebrou un novo acto das xornadas "Lugo con Memoria", este xoves 5 de novembro. Nesta ocasión para falar do proceso político que supuxo a Transición pero reformulado dende novas miradas e cunha análise desmitificadora, un período no que a correlación de debilidades entre a oposición antifranquista e o Réxime ditatorial fixeron improvisar unha transformación que foi a orixe da nosa democracia actual, cos seus avances e os seus límites.



O director da recentemente creada Cátedra de Memoria Democrática da USC, o doutor en historia Emilio Grandío Seoane aportou a visión dese período dende Galicia, coas súas singularidades, como a expresión da identidade galega por parte de tódolos partidos políticos, incluso dunha dereita con gran capacidade de adaptación, que se apoiou nas elites locais para seguir mantendo as vellas prácticas caciquís. Pero recalcou a falta que hai aínda de estudos rigorosos, necesarios para unhas novas xeracións que non teñen nada que ver coa mocidade do tardofranquismo que protagonizou aquela transición dunha ditadura a unha democracia, polo que lles costa entender unha democracia que consideran frustrada. Por elo, apuntou á necesidade de recoller a memoria oral dos protagonistas daquel tempo, que se están a perder, polo que iniciarán na Cátedra a recompilación desa historia oral, labor que por sorte xa leva facendo tempo a Fundación Luis Tilve, grazas ó cal consérvanse hoxe en día testemuñas de persoas xa falecidas.

Por último, a doutora en historia Daniela Ferrández Pérez, licenciada pola Universidade de Alacante, aportou un punto de vista pouco estudado e novedoso, o do colectivo LGTBI naqueles tempos de represión tardofranquista e de procura de dereitos durante a Transición. Autora de "A defunción dos sexos. Disidentes sexuais na Galiza contemporánea", reclamou unha maior atención a colectivos que parecen estar silenciados na historia, pois, como demostrou na súa exposición, a diversidade sexual e de xénero non é unha creación do presente. Durante a Transición os primeiros integrantes galegos da COFLHEE (Coordinadora de Frontes de Liberación Homosexual no Estado Español) mantiveron unha intensa actividade, chegando a convocar unha manifestación histórica en Vigo en 1981.